

## NOTA DE PRENSA

Exposición

### COLECCIÓN DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA DE TELEFÓNICA

<b>DATAS:</b>	28 de xaneiro - 5 de xuño 2005
<b>LUGAR:</b>	Salas de exposición da planta baixa
<b>HORARIO:</b>	martes a sábados (festivos incluídos), de 11.00 a 21.00 domingos de 11.00 a 15.00
<b>COMISARIA:</b>	Carlota Álvarez Basso
<b>DIRECTORA MARCO:</b>	Carlota Álvarez Basso
<b>XEFE EXPOSICIÓNS:</b>	Iñaki Martínez Antelo
<b>COORDINACIÓN E REXISTRO:</b>	Marta García Viña
<b>PRODUCCIÓN:</b>	MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
<b>PATROCINIO:</b>	Fundación Telefónica

#### NÚMERO DE OBRAS NA EXPOSICIÓ:

A exposición consta de 52 obras, todas elas fotografías dos 38 artistas presentes na mostra.

#### ARTISTAS PARTICIPANTES: 38

- Marina Abramovic (Belgrado, Serbia e Montenegro, 1946)
- Helena Almeida (Lisboa, Portugal, 1934)
- Francis Alÿs (Amberes, Bélxica, 1959)
- Miriam Bäckström (Estocolmo, Suecia, 1967)
- John Baldessari (National City, California, EEUU, 1931)
- José Manuel Ballester (Madrid, 1960)
- Per Barclay (Oslo, Noruega, 1955)
- Bleda e Rosa: María Bleda (Castellón, 1969) e José María Rosa (Albacete, 1970)
- James Casebere (Lansing, Michigan, EEUU, 1953)
- John Coplans (Londres, Reino Unido, 1920)
- Philip-Lorca diCorcia (Hartford, Connecticut, EEUU, 1953)
- Olafur Eliasson (Copenhague, Dinamarca, 1967)
- Günther Förg (Fussen, Alemaña, 1952)
- Pierre Gonnord (Cholet, Francia, 1963)
- Paul Graham (Reino Unido, 1956)
- Andreas Gursky (Leipzig, Alemaña, 1955)
- Mona Hatoum (Beirut, Líbano, 1952)
- Candida Höfer (Eberswalde, Alemaña, 1944)
- Sabine Hornig (Pforzheim, Alemaña, 1964)
- Axel Hütte (Essen, Alemaña, 1951)
- Jürgen Klauke (Kidling, Alemaña, 1943)
- Panos Kokkinias (Atenas, Grecia, 1965)
- Sherrie Levine (Hazleton, Pensilvania, EEUU, 1947)
- Vik Muniz (Súo Paulo, Brasil, 1961)
- Shirin Neshat (Qazvin, Irán, 1957)
- Gabriel Orozco (Jalapa, Veracruz, México, 1962)
- Perejaume (Sant Pol de Mar, Barcelona, 1957)
- Richard Prince (Canal de Panamá, Panamá, 1949)
- Gonzalo Puch (Sevilla, 1950)
- Miguel Río Branco (As Palmas de Gran Canaria, 1946)
- Thomas Ruff (Zell am Harmersbach, Alemaña, 1958)
- Sasse, Jörg (Bad Salzuflen, Alemaña, 1962)
- Andrés Serrano (Nova York, EEUU, 1950)
- Cindy Sherman (Glen Ridge, Nova Jersey, EEUU, 1954)
- Thomas Struth (Geldern, Alemaña, 1954)
- Sam Taylor-Wood (Londres, Reino Unido, 1967)
- Salla Tykkä (Helsinki, Finlandia, 1973)
- Zhang Huan (An Yang, Henan Province, China, 1965)

**CATÁLOGO:**

MARCO porá á venda na tenda do Museo o catálogo *Colección de Fotografía Contemporánea de Telefónica*, editado pola Fundación Telefónica en febreiro de 2004 co gallo da exposición organizada en Madrid, na sede da Fundación, e que supuxo a primeira presentación pública da colección. Este catálogo inclúe textos críticos, documentación e biografías de cada un dos artistas incluídos na mostra, ademais de reproducións das obras presentes na exposición, e dous textos de María de Corral López-Doriga (directora da Comisión Asesora de Arte da Fundación Telefónica) e José Luis Brea (membro da Comisión Asesora de Arte da Fundación Telefónica) sobre os inicios da colección e a historia dos usos artísticos da fotografía, respectivamente.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:**

Como complemento desta exposición e da de "20 Desarranxos: Panorama da arte brasileira", e co fin de facilita-la comprensión e mailo goce das obras que ocupan as salas do museo, o programa educativo do MARCO durante os próximos cinco meses (xaneiro–maio 2004) céntrase na análise de obras e artistas presentes en ámbalas dúas exposicións. Isto aplícase tanto ó programa para escolares (visitas e talleres) como ó Curso avanzado de arte contemporánea para adultos, que no seu segundo ciclo, titulado *Panorama: campos temáticos na arte actual*, está composto por sesións monográficas en torno ó que definimos como "campos temáticos": a identidade, o retrato, a natureza, o corpo como plataforma de comunicación plástica, a arquitectura, ou a cultura do cotián, son algúns dos temas analizados.



## **A colección de fotografía contemporánea de Telefónica en MARCO de Vigo**

Como empresa á vangarda da aplicación das tecnoloxías da información e as comunicacións, o Grupo Telefónica ten constituído unha das Coleccións de referencia en España dedicada á fotografía: A Colección de Fotografía Contemporánea de Telefónica.

Esta Colección trata de reflectir o cambio de paradigma que se produce durante as últimas décadas na cultura visual, cando a fotografía se transforma nun instrumento de valor artístico, adquirindo conciencia da súa capacidade expresiva e do valor da súa actividade de representación, subvertendo os propios códigos e as linguaxes que este medio emprega.

O reto que significa este proxecto pon en evidencia que Telefónica segue empeñada en impulsar o coleccionismo corporativo nunha liña definida en torno á arte contemporánea. O coleccionismo sobre a arte do século XX é un aspecto recente da cultura española e o feito de haber apostado por unha colección de eido institucional sobre fotografía, ven a cubrir un baleiro importante no patrimonio artístico dos nosos días e demostra, unha vez máis, a fonda implicación que Telefónica mantén coas novas linguaxes e as novas tecnoloxías aplicadas á comunicación e á creación artística.

Na exposición do MARCO, e co fin de facilita-la lectura da mostra ós visitantes, realizouse unha montaxe temática en torno a seis temas principais, algúns dos cales son xéneros clásicos que se atopan nas raíces da historia da arte: o retrato, a paisaxe, a fotografía arquitectónica –tanto de interior como de exterior, as escenas urbanas, e maila utilización do corpo como plataforma de comunicación plástica.

## SÍNTESE DO PROXECTO EXPOSITIVO:

Trala exposición organizada na propia sede da Fundación Telefónica en Madrid, en febreiro de 2004, que supuxo a presentación pública da colección, MARCO de Vigo acolle esta mostra como primeira sede dun longo percorrido por museos e centros de arte de toda España.

O eixo vertebrador desta colección é ese punto de inflexión polo que a fotografía, no limiar do século XXI, pasa de ser un documento a se converter nun relato; comeza a adquirir conciencia da súa capacidade expresiva e do valor da súa actividade de representación, subvertendo os propios códigos e linguaxes que este medio emprega.

Construída a partir dalgúns dos nomes emblemáticos da contemporaneidade plástica, a exposición inclúe formulacións radicais e conceptuais, esteticistas e narrativas, documentais e sociais, nun conxunto que reflicte a variedade e mailo eclecticismo dun momento creativo dunha riqueza e abundancia pouco frecuentes.

Os artistas que forman parte da Colección de Fotografía Contemporánea de Telefónica utilizan a fotografía como medio de expresión e experimentación. As súas imaxes falan do que pode ser hoxe a experiencia artística no contexto da cultura contemporánea.

Dado que hoxe en día xa non existen dúbidas verbo do valor artístico da fotografía e de que nestes momentos é unha das expresións artísticas máis utilizadas polos creadores actuais, era necesario comezar esta Colección amosando unha certa filiación, que tivese un nesgo histórico e que, polo tanto, iniciase a súa andadura nos anos sesenta, cos traballos da Escola de Düsseldorf, os discípulos de Bernd & Hilla Becher en Europa (Thomas Ruff, Thomas Struth, Andreas Gursky) e de John Baldessari no continente americano (Richard Prince, Cindy Sherman), para avanzar pola fotografía cinematográfico-pictoralista (Jeff Wall, Sam Taylor-Wood), ata os desenvolvementos narrativos máis actuais.

A distinción aceptada entre fotógrafos e artistas que utilizan a fotografía tende a desaparecer. Os creadores actuais sérvense da fotografía con total liberdade e coñecemento de causa, sen se sentir na obriga de demostras-las virtudes ou posibilidades do medio, porque teñen tras eles 170 anos de historia, onde todo se manifestou dabondo.

A fotografía substituíu en moitos casos á pintura. A invención da cámara conseguiu que a captación da imaxe real fose moito máis rápida, fiel e precisa, desacreditando o virtuosismo técnico dos pintores e achegando o espectador a unha nova realidade.

Dende a fotografía analóxica á dixitalizada, as novas tecnoloxías aplicadas á arte están presentes nesta mostra, así como certos exemplos decisivos da relación da fotografía coa *performance* ou co documento social.

Xéneros diversos ancorados nas raíces da historia da arte, como son o retrato, a paisaxe ou a fotografía arquitectónica, conforman un conxunto que abrangue as temáticas características da arte actual, dende a recuperación da memoria histórica, á denuncia social, a crítica dos procesos artísticos ou a utilización do corpo como plataforma de comunicación plástica.



## SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

### EXPOSICIÓN

“COLECCIÓN DE FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA DE TELEFÓNICA”

#### **MATERIAL GRÁFICO DISPOÑIBLE PARA A PRENSA:**

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

#### **SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, CUBRA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:**

#### **MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo**

Rúa Príncipe 54  
36202 Vigo (Pontevedra)

#### **Departamento de Comunicación e Relacións Externas**

Marta Viana Tomé  
Pilar Souto Soto  
Tel. +34 986 113908 / 113903  
Fax +34 986 113901  
marta.viana@marcovigo.com  
pilar.souto@marcovigo.com

**Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación:**

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo electrónico:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

**Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.**